

Función Pública

Provisión de postos

9/10/2024

O 29 de setembro de 2024, a Directora Xeral de Función Pública aprobou as bases comúns para os concursos de méritos. Tras dous anos da súa aplicación hai aspectos desas bases e as súas consecuencias que nos preocupan especialmente e así o transmitimos á Dirección Xeral da Función Pública.

A CIG solicitoulle a Dirección Xeral da Función Pública (DXFP) o seguinte:

- No relativo aos **méritos específicos**, que se nos aclare se é procedente que a Administración, a través dos seus representantes nas comisións de valoración dos concursos de traslados, decidan valorar coa máxima puntuación a acreditación dos coñecementos adquiridos no desenvolvemento de tarefas ou funcións propias dun ou varios postos de traballo que tan só foron desenvolvidos 6 meses ao longo da vida laboral.
- En materia de **igualdade**, solicitamos que se modifique o criterio de non valoración da formación en violencia de xénero como formación transversal en igualdade mentres siga accedéndose a esa formación sen requisitos formativos previos.
- En canto aos **criterios** que dita función pública para a valoración de méritos no concurso, os postos que vacantes a incluír nun concurso (aínda que estean ocupados provisionalmente) ou calquera outro que incida na convocatoria e resolución dos concursos de traslados, pedimos que se nos faciliten os que existen actualmente e que se suspenda a súa aplicación ata que se negocien outros novos.
- Que calquera criterio que incida na interpretación das valoracións dos concursos sexa de coñecemento público para todo o persoal.

Este sindicato entende que os criterios de valoración dun concurso e as instrucións de interpretación sobre a valoración de aspectos como a formación, deben ser negociadas e de coñecemento público pola súa incidencia directa na carreira profesional das funcionarias e funcionarios da Administración.

A CIG non comparte a interpretación que se está a facer na valoración dos **méritos específicos** adecuados ás características do posto.

As bases establecen, “valoraranse como méritos específicos os coñecementos e/o experiencia, adquiridos no desenvolvemento de tarefas ou funcións propias dun ou varios postos de traballo unicamente cando se estiveron realizando durante 6 meses ou máis”.

Esta redacción está a usarse para “valorar coa máxima puntuación a todo o persoal ao que se lle certifiquen os méritos que figuran nas bases sempre que realicen esas

funcións 6 meses como mínimo, ao longo da súa vida laboral (Por exemplo, en concursos do ámbito do Ministerio de Trabajo e Economía Social).

Con esta interpretación está a desvirtuarse a idea de valorar os coñecementos e experiencia no desenvolvemento de funcións concretas nun posto de traballo pois non pode ser o mesmo ter unha experiencia nun mérito de tan só 6 meses que de 5 anos.

A CIG non está de acordo co criterio de que desenvolver unha función durante tan só 6 meses supoña o máximo de puntuación e por tanto de coñecemento e experiencia, para o mérito.

Outro tema que lle expoñemos é o dos **criterios interpretativos e de valoración de méritos ditados pola Dirección Xeral de Función Pública que non son de coñecemento público**:

Segundo informáronnos nalgúns Comisións de Valoración existen uns criterios facilitados por Función Pública que inciden polo menos na **valoración do punto por acreditar formación en materia de igualdade** entre homes e mulleres.

A criterio desa Dirección Xeral, os cursos sobre violencia de xénero non deben computarse dentro da puntuación transversal dos cursos en materia de igualdade”.

A CIG entende que a violencia de xénero si é unha materia transversal, tamén debemos ser conscientes de que a Administración, dentro da formación que imparte ao seu persoal, non establece como requisito previo o ter un curso específico para acceder á formación en violencia de xénero.

Segundo a nosa formulación, se o curso de violencia de xénero, tal e como avala o persoal técnico nesa materia, é formación en igualdade, tamén é formación transversal. Ademais, a Administración non esixe formación previa para acceder a el, polo que debería valorarse nos concursos de traslados.

Outro criterio que parece que dita Función Pública é relativo á **convocatoria de postos vacantes ocupados temporalmente en comisión de servizos**.

segundo din nalgúns ministerios, parece que existe unha instrución, consello ou petición de que **non** se convoquen en concurso de traslados aqueles postos que están ocupados de forma provisional por un tempo inferior a ano e medio.

A CIG non comparte este criterio por diferentes motivos que desvirtúan negativamente os principios que deben rexer a carreira profesional das funcionarias e funcionarios (salvo a aquelas persoas ás que lle beneficia que o posto non se convoque no concurso porque mentres acumulan os méritos necesarios para cando se publique no seguinte concurso de traslados.) .

Tampouco atopamos un soporte legal que permita establecer esta medida como criterio xeral de funcionamento, se non todo o contrario.